

TRABALLO FIN DE MESTRADO

Relación entre habilidades motrices básicas locomotrices e variables antropométricas: un estudio realizado con alumnado de 1º-3º de educación primaria

Relación entre habilidades motrices básicas locomotrices y variables antropométricas: un estudio realizado con alumnado de 1º-3º de educación primaria

Relationship between locomotor fundamental motor skills and anthropometric variables: a study carried out with 1º-3º primary schoolchildren

Autora: Nair Mohedano Vázquez

Director: Cristian Abelairas Gómez

Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

Xuño 2021

Resumo: **Obxectivo:** Analizar a relación entre o desenvolvemento das Habilidades Motrices Básicas (HMB) locomotrices e as variables antropométricas de alumnado de 1º a 3º de Educación Primaria. **Metodoloxía:** Participaron no estudo 79 nenos e nenas. Para avaliar as HMB combináronse varias baterías (TGMD-2, TGMD-3, Victorian FMS Assessment e Get Skilled Get Active). Clasificouse aos e ás participantes en tres grupos: normopeso, sobre peso e obesidade en función do seu índice de masa corporal (IMC) de acordo coas indicacións da Organización Mundial da Saúde. **Resultados:** Atopáronse diferenzas significativas entre os cursos de 1º e 3º nas habilidades de trepar, salto vertical e cambio de dirección. Non se atoparon correlacións lineais entre as variables antropométricas e o desenvolvemento das HMB, tampouco entre os tres grupos. **Conclusións:** No presente estudo non se atopou relación entre o desenvolvemento das HMB e as variables antropométricas rexistradas.

Palabras clave: Competencia motriz, índice de masa corporal, sobre peso, obesidade, escolares.

Índice: 1. Introdución. 1.1. As Habilidades Motrices Básicas. 1.2. Avaliación das Habilidades Motrices Básicas. 1.3. A obesidade. 2. Obxectivos. 3. Metodoloxía. 3.1. Participantes. 3.2. Deseño do estudo. 3.3. Instrumentos. 3.4. Análise estatística. 4. Resultados. 4.1. Características da mostra. 4.2. Habilidades locomotrices. 4.3. Variables antropométricas. 4.4. Relación entre habilidades locomotrices e variables antropométricas. 5. Discusión. 6. Conclusións e implicacións. 7. Referencias bibliográficas. 8. Anexos.

1. INTRODUCIÓN

1.1. As Habilidades Motrices Básicas

A infancia é un período transcendental no crecemento e maduración de toda persoa. O desenvolvemento fisiolóxico, psicolóxico e psicomotor, así como a consecución de hábitos e condutas saudables nesta etapa, determinan o resto de anos vindeiros (Hallal, Victora, Azevedo e Wells, 2006; Hills, King e Armstrong, 2007). Por este motivo, desde idades temperás, é fundamental desenvolver nos nenos e nenas a práctica regular de actividade física (AF), un dos compoñentes esenciais para acadar un estilo de vida saudable (Warburton e Bredin, 2016; Woodmansee, Hahne, Imms e Shields, 2016).

De acordo coa Organización Mundial da Saúde (OMS) (2018), enténdese AF como “calquera movemento do corpo producido pola acción muscular que require un gasto de enerxía” (p. 100). Inclúese o exercicio físico, pero tamén outras disciplinas como o xogo, o traballo, as tarefas domésticas ou o transporte activo, sempre que se esixa un movemento corporal (Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, 2015). Aumentar os niveis de AF na poboación, e especialmente nas primeiras idades, é un dos maiores retos aos que a sociedade actual debe fazer fronte (World Health Organization, 2018).

Un aspecto moi directamente relacionado coa AF e, por tanto, cun estilo de vida saudable é o desenvolvemento das denominadas Habilidades Motrices Básicas (HMB), que supoñen un contribuínte esencial de apoio para a súa práctica (Lubans, Morgan, Cliff, Barnett e Okely, 2010; Van Kann, Adank, Van Dijk, Remmers e Vos, 2019). As HMB son patróns de movemento que involucran varias partes do corpo e proporcionan a base para habilidades más complexas (Logan, Ross, Chee, Stodden e Robinson, 2018; World Health Organization, 2018). As HMB poden ser locomotoras, cando implican desprazamentos do corpo polo espazo (por exemplo, correr, saltar, galopar); de pelota, manipulativas ou de control de obxectos, cando se manipulan ou agarran obxectos (golpear, atrapar, patear); e de estabilidade, definidas como o proceso para manter o equilibrio postural (equilibrio estático, dar un pinchacarneiro, rodar) (Huotari, Heikinaho-Johansson, Watt e Jaakkola, 2018; Logan et al., 2018).

O correcto desenvolvemento das HMB é fundamental para evitar que os nenos e nenas poidan experimentar dificultades na adquisición de habilidades motoras más

complexas (Lemos, Avigo e Barela, 2012), sendo de novo críticos os primeiros anos da infancia, pois calcúlase que aproximadamente aos dez anos de idade xa se debería posuír un amplo dominio das mesmas (Bucco e Zubiaur, 2013; Chaves, Jiménez e Salazar, 2018; Van Capelle, Broderick, Van Doorn, Ward e Parmenter, 2017). Para iso, malia tratarse dunhas habilidades desenvoltas de maneira natural, o seu desenvolvemento e reforzamento son fundamentais (Van Capelle et al., 2017). Ademais, o dominio das habilidades motoras na infancia está fortemente asociado cuns niveis altos de AF (García Cantó et al., 2013; Jaakkola, Yli-Piipari, Huotari, Watt e Liukkonen, 2016; Klavina, Rodionova-Ostrovska e Campa, 2017; Van Capelle et al., 2017). Porén, se o neno/a non chega a alcanzar uns niveis óptimos de práctica de AF e, por tanto, un maior desenvolvemento da competencia motriz, non poderá desfrutar cos retos motores impostos, non só pola práctica deportiva, senón tamén polo día a día, o que orixinará unha sensación de incompetencia e desmotivación (Ruiz Pérez, 2000). Isto relacionouse, ademais, con menores niveles de adherencia á práctica de AF (Bucco e Zubiaur, 2013; Robinson et al., 2015).

1.2. Avaliación das Habilidades Motrices Básicas

Avaliar as HMB de nenos e nenas de Educación Primaria é necesario, pero non é tarefa doada, pois nestas idades o desenvolvemento motor sofre moitos cambios que complican a súa valoración. Este desenvolvemento debe avaliarse principalmente desde o punto de vista da destreza motriz grossa (Lemos et al., 2012), existindo diversas baterías que permiten mencionada avaliación. Entre elas, a de maior aceptación mundial (Ayán et al., 2019) e más axeitada para aplicar en nenos e nenas parece ser a Test of Gross Motor Development (TGMD-2), a cal conta cun total de tres edicións. A TGMD destaca pola súa sinxela administración, as súas boas propiedades psicométricas, o seu protocolo estandarizado e a súa fiabilidade (Ayán et al., 2019; Farrokhi, Zadeh, Kazemnejad e Ilbeigi, 2014; Houwen, Hartman, Jonker e Visscher, 2010; Kim, Kim, Valentini e Clark, 2015; Luz, Almeida, Rodrigues e Cordovil, 2017).

Con todo, malia ser a batería máis usada e estudiada, para a realización deste traballo son varias as que se combinaron, co fin de facelo máis completo e preciso: as diferentes versións da TGMD (Ulrich, 1985, 2000, 2019), a batería Victorian FMS Assessment, bastante similar ás anteriores (Walkley, Holland, Treloar e O'Connor, 1996), e a Get Skilled Get Active (Department of Education and Training, 2000).

1.3. A obesidade

Cada vez existe un maior número de estudos que mostran a importancia da práctica de AF dun xeito regular e cunha duración e intensidade suficientes (Cecchini et al., 2021; Davis et al., 2011; Wu e Ming, 2015; Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, 2015; World Health Organization, 2018). Aínda así, os índices de sedentarismo e inactividade son realmente altos e aumentan co paso dos anos. Nalgúns países, os niveis de inactividade física xa son do 70% (World Health Organization, 2018), converténdose no cuarto factor de risco de mortalidade máis importante no mundo (Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, 2015).

Este problema de ausencia de práctica de AF na sociedade actual orixina unha tendencia cara a adquisición de estilos de vida sedentarios e pouco saudables. Este tipo de comportamentos, unidos a uns hábitos alimentarios pouco idóneos, están a provocar un aumento alarmante de patoloxías como a obesidade, cuxa incidencia en nenos e nenas está en continuo aumento (Escalante, 2011; Marshall e Ramírez, 2011; Olvera, Kellam, Menefee, Lee e Smith, 2010; Van Capelle et al., 2017).

A obesidade defíñese como a acumulación anormal ou excesiva de graxa que pode chegar a ser prexudicial para a saúde (World Health Organization, 2020). Pode ser secundaria a factores xenéticos, sociais, psicolóxicos ou culturais, á toma de medicamentos ou a certas enfermidades hormonais, pero a súa causa máis común provén dun desequilibrio enerxético: consumir máis enerxía da que se gasta (Gisel, Isabel e Gomero, 2016; Lopes, Maia, Rodrigues e Malina, 2012; Serrano, 2018).

Trátase dun dos problemas de saúde pública máis graves do século XXI, sendo responsable do 5% da mortalidade global (Cambra, 2021a). Segundo os datos recollidos no ano 2016 pola OMS, a obesidade triplicouse en todo o mundo desde 1975, habendo na actualidade máis de 340 millóns de nenos/as e adolescentes con sobrepeso ou obesidade (World Health Organization, 2020). Concretamente en España, 4 de cada 10 rapaces e rapazas de entre 8 e 17 anos ten exceso de peso (Sánchez-Cruz, Jiménez-Moleón, Fernández-Quesada e Sánchez, 2013). Ademais, é importante salientar que os nenos e nenas obesos e con sobrepeso tienden a seguilo sendo na idade adulta (Cambra, 2021a; Cambra, 2021b; Serrano, 2018), así como a padecer diabetes, hipertensión, enfermidades cardiovasculares, apnea do sono, artrose e certos tipos de cáncer a idades máis temperás. O risco da maioría destas enfermidades depende en parte da idade de

inicio e da duración da obesidade (Daniels, Jacobson, McCrindle, Eckel e Sanner, 2009; Serrano, 2018).

Por conseguinte, é fundamental tomar medidas e dar unha maior prioridade á prevención da obesidade infantil e á súa avaliación precoz, esencial para evitar a progresión da enfermidade. As etapas da infancia e a puberdade son decisivas para instaurar os hábitos alimentarios e os estilos de vida que persistirán ao longo do tempo (Cambra, 2021a; Serrano, 2018). É por este motivo que semella indispensable realizar intervencións novedosas nas escolas que sexan beneficiosas e cumpran cos gustos e intereses dos nenos e nenas, de xeito que se acade unha maior participación en actividades de movemento e a instauración ou mantemento de estilos de vida saudable (Cambra, 2021a; Schmidt, Bogantes e González, 2021). Así mesmo, dado o problema que supón esta epidemia da obesidade para a saúde, os gobiernos de moitos países están a pór en marcha multitud de programas dirixidos a sensibilizar á poboación en xeral, e á máis nova en especial, para que adopten hábitos de vida saudable (Serrano, 2018). Concretamente en España, no ano 2005 emprendeuse a estratexia NAOS (Nutrición, Actividade Física e Prevención da Obesidade) co fin de inverter a tendencia do ascenso continuo dos niveis de obesidade de todo o país (Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición, 2021).

Para o diagnóstico da obesidade infantil é preciso establecer previamente as medicións nas que se vai basear. Os indicadores máis usados son a relación peso/idade (onde se considera obesidade cando os valores están por enriba do percentil 95-97), a relación peso/altura (cando o peso é un 120% superior do correspondente para a altura), o peso relativo (superior ao percentil 50), os perímetros (empregados para valorar a composición e distribución da graxa corporal), os pregamentos subcutáneos (para coñecer a cantidade de graxa) e o Índice de Masa Corporal (IMC), que será o empregado para este estudio (Gisel, Isabel e Gomero, 2016).

O cálculo do IMC dunha persoa foi aceptado como un método de referencia e o recurso más sinxelo na práctica clínica para o diagnóstico da obesidade (Barbany e Foz, 2002; Perea-Martínez et al., 2014). Calcúlase dividindo o peso dunha persoa en quilogramos entre o cadrado da súa altura expresada en metros (World Health Organization, 2020). Para diagnosticar se un neno/a é obeso ou non é preciso que, unha

vez medidos estes datos antropométricos, se comparen cos rexistrados nunhas táboas de referencia, en función da idade e o sexo do participante (Serrano, 2018).

2. OBXECTIVOS

Como xa se comentou con anterioridade, o dominio das HMB é un factor importante para ter éxito en habilidades motoras más complexas, como aquellas relacionadas cos deportes. Ademais, un bo desenvolvemento motor favorece o autoconcepto e motiva aos individuos a manter un estilo de vida máis activo a través da práctica de AF. Estes niveis altos de AF poderían conseguir, á súa vez, reducir os índices de obesidade, polo que cabería a posibilidade de que existise unha relación directa entre o desenvolvemento das HMB e o peso dos nenos e nenas. Polo tanto, o obxectivo principal do presente estudo foi:

- Analizar a relación entre o grado de desenvolvemento das HMB locomotrices e as variables antropométricas en nenos e nenas de 1º-3º de Educación Primaria.

3. METODOLOXÍA

3.1. Participantes

Para a realización deste estudio contouse coa participación de 79 alumnos e alumnas dos tres primeiros cursos de Educación Primaria dun centro público de Santiago de Compostela. Máis concretamente, trátase dunha mostra de 42 nenos e 37 nenas, con idades comprendidas entre os 6 e os 9 anos de idade (a excepción dun neno de 10) e sen dificultades específicas de cara á realización ordinaria das sesións de Educación Física. A participación dos suxeitos no estudo foi completamente voluntaria e antes da realización das probas, proporcionáuselles aos titulares legais dos nenos e nenas un formulario de consentimento informado por escrito no que se lles amosaban os obxectivos e a metodoloxía a seguir nesta investigación. O protocolo de investigación foi aprobado polo comité de ética da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (Universidade de Vigo).

3.2. Deseño do estudo

Esta investigación realizouse baixo o paraugas do proxecto ALFA-MOV - Alfabetización motriz e estilos de vida saudables: desenvolvemento dunha ferramenta informática de avaliación da competencia motriz de nenos e nenas de Educación Primaria, financiado por FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades - Axencia Estatal de Investigación/RTI2018-096106-A-100.

A recollida dos datos necesarios realizouse durante os días lectivos dos meses de febreiro, marzo e abril do 2021. Recolleuse o sexo, idade, altura e peso de cada participante. Para a avaliación das HMB fixose unha combinación de diferentes características propias das baterías TGMD, Victorian FMS Assessment e Get Skilled Get Active, e para coñecer os niveis de obesidade dos nenos e nenas, realizáronse medicións das variables antropométricas de peso e altura para posteriormente poder calcular o seu IMC. A toma de todos estes datos levouse a cabo no pavillón municipal do que fai uso o centro para as clases de Educación Física durante as horas lectivas da materia. En cada sesión e de maneira aleatoria, seleccionábanse 2-4 participantes aos que se lles asignaba (tamén ao azar) un dorsal e un peto dunha determinada cor para que a súa posterior identificación fose máis sinxela.

Para a realización dos diferentes test, tal e como recomenda Ulrich (2000) no seu manual, seguiuse unha secuencia específica. En primeiro lugar, amosábaselles aos nenos e nenas como debían realizar a proba correctamente a través da visualización dun vídeo, primeiro a velocidade normal e despois a cámara lenta. Este proceso ía acompañado dunha explicación verbal por parte do equipo investigador. A continuación, deixábaselle ao alumnado realizar algún ensaio para poder comprobar que realmente o comprendera, e finalmente indicábaselle que executase a habilidade un total de dúas veces.

3.3. Instrumentos

Para a avaliación das HMB, a realización de cada proba valorouse atendendo a uns criterios cualitativos específicos, puntuados con 0 ou 1 en función de se se cumplían ou non. Aínda que as HMB se clasifican en habilidades locomotrices, de control de obxectos e de estabilidade, para este estudio tan só se tiveron en conta as primeiras. Avaliáronse dez habilidades locomotrices, que inclúian un total de 42 criterios entre

todas elas (Táboa 1), supoñendo unha puntuación máxima de 84 puntos, pois cada habilidade realizábase dúas veces e a puntuación de cada unha era a suma de todos os criterios realizados. Durante a realización das probas colocáronse dúas cámaras de vídeo (Nikon D5300), unha para captar desde unha perspectiva frontal e outra desde unha lateral. Esta recollida en vídeo serviu para, posteriormente, poder valoralas cunha maior calma e precisión.

Táboa 1. Criterios seguidos para a avaliación das habilidades locomotrices.

HABILIDADES	DESCRIPCIÓN	CRITERIOS					
		C1	C2	C3	C4	C5	C6
Carreira	Avanzar entre dous conos despegando ambos os pés do chan en cada zancada.	Brazos en oposición ás pernas e cos cóbados flexionados.	Breve período no que ambos os pés están no aire.	O contacto do pé redúcese ao talón ou punta.	A perna libre flexiónase polo menos 90°.	—	—
Galope	Galopar a unha marcha rápida e natural entre dous conos.	Brazos flexionados e levantados á altura da cintura no despegue.	Un paso adiante co pé dianteiro seguido dun paso co pé traseiro ata unha posición adxacente.	Breve período no que ambos os pés están no aire.	Mantén un patrón rítmico durante 4 galopes consecutivos.	—	—
Salto cun pé	Saltar cun só pé dun cono a outro.	A perna libre balancéase diante de forma pendular.	O pé da perna libre permanece detrás do corpo.	Brazos flexionados e balanceándose cara diante.	Despega e aterra catro veces consecutivas co pé dominante.	—	—
Zancada	Saltar sobre un obxecto colocado no chan.	Despega cun pé e aterra co contrario.	O período no que os dous pés están no aire é maior ao da carreira.	Extende o brazo oposto ao pé adiantado.	—	—	—
Salto horizontal	Dar un salto horizontal desde unha posición quieta e estable.	O movemento preparatorio inclúe a flexión de ambos os xeonllos e os brazos estendidos detrás do corpo.	Brazos que se estenden con forza diante e arriba alcanzando a extensión completa.	Despegue e aterraxe con ambos os pés simultáneos.	Brazos empurrando cara abaixo durante a aterraxe.	—	—
Salto vertical	Saltar o máis alto posible sen desprazarse do sitio e desde unha posición de pé.	Os ollos miran cara diante e arriba durante o salto.	Flexión de xeonllos e brazos detrás do corpo.	Os brazos balancéanse de forma rápida cara diante e arriba.	Pernas estendidas durante a fase de voo.	Recepción co terzo anterior do pé e flexión de xeonllos.	Aterraxe controlado sen dar máis dun paso.
Desprazamento lateral	Desprazarse de maneira lateral, en liña recta, entre dous conos.	O corpo virado de lado de xeito que os ombrros estean alineados coa liña do chan.	Un paso de lado co pé dianteiro seguido dun deslizamento co pé traseiro.	4 ciclos paso-deslizamento cara a dereita.	4 ciclos paso-deslizamento cara a esquerda.	—	—
Skip	Desprazarse entre dous conos dando un paso cara diante seguido dun salto sobre o mesmo pé.	Un paso cara diante seguido dun salto sobre o mesmo pé.	Os brazos flexiónanse e móvense en oposicións ás pernas.	Completa 4 saltos rítmicos e consecutivos altermando as pernas.	—	—	—
Trepar	Subir e baixar unha espaliera dando pasos alternativos polos diferentes chanzos.	Os pés dan pasos alternativos nos chanzos.	É capaz de trepar arriba e abajo.	Trepa con fluidez e sen pausas.	Movemento alternativo de mans coordinado cos pés.	Agarre ríxido.	—
Cambio de dirección	Moverse rapidamente a través dunha serie de conos separados entre si en forma de zigzag.	Cambio de dirección con flexión de xeonllos e tracción coa parte exterior do pé.	Cambio de dirección nun único paso.	O corpo descende durante o cambio de dirección.	Os ollos miran ao fronte.	Cambio de dirección correctamente a ambos os lados.	—

Como xa se dixo con anterioridade, para a avaliación das HMB neste estudo combináronse diferentes tests pertencentes a catro baterías distintas (Táboa 2): TGMD-2, TGMD-3, Victorian FMS Assessment e Get Skilled Get Active.

Táboa 2. Baterías ás que pertenecen as habilidades avaliadas.

	TGMD-2	TGMD-3	Victorian	Get Skilled Get Active
Carreira	X	X	X	X
	X	X	X	
	X	X	X	X
	X		X	X
	X	X	X	
			X	X
	X	X	X	X
		X	X	X
			X	
			X	X

Pola súa banda, para a análise dos posibles niveis de obesidade dos nenos e nenas estudados tivéronse en conta tres factores principais: o IMC, a idade e o sexo dos e das participantes. O IMC ($\text{kg}\cdot\text{m}^{-2}$) calculouse dividindo o peso dunha persoa (en kg) entre o cadrado da súa altura (en m). Cada participante pesouse e mediuse cunha báscula electrónica de columna con tallímetro (Seca 799, Alemaña). Para a medición do peso corporal, situábase ao neno/a, descalzo/a, no centro da báscula, mirando ao fronte, sen realizar ningún movemento e distribuíndo o seu peso entre ambos os pés. Esta puntuación rexistrouse cunha aproximación de 100 g. En canto á estatura, tamén descalzos, pedíuselles aos nenos e nenas que permanecesen rectos cos talóns xuntos e en contacto co tallímetro, ao igual que os glúteos e a parte superior do lombo. De seguido, debían respirar con profundidade e no momento no que estivesen mantendo a respiración realizábase a medición, tomando como referencia o punto máis alto da cabeza. A altura rexistrouse cunha aproximación de 1 mm. Ambas as medicións foron realizadas dúas veces, das que se calculou a media aritmética. Unha vez obtido o IMC analizouse tendo en conta os datos amosados nos patróns de referencia incluídos no Anexo I, clasificando deste modo aos participantes en tres grupos: normopeso, sobre peso e obesidade.

3.4. Análise estatística

As variables describense con medidas de tendencia central (media) e de dispersión (desviación típica). Fíxose unha análise de normalidade das variables coa proba de Kolmogorov-Smirnov. Empregouse a proba de Kruskal-Wallis para estudar as diferenzas nas puntuacións das habilidades en función do curso, e o test da U de Man-Whitney para comparar os pares naquelhas habilidades con puntuacións estatisticamente significativas por cursos. As mesmas probas foron usadas para a comparativa entre os grupos normopeso, sobre peso e obesidade de cada curso. Para a análise das variables antropométricas empregouse a proba ANOVA dun factor. Finalmente, o coeficiente de correlación de Pearson para analizar a dependencia lineal entre as puntuacións das diferentes habilidades e as variables antropométricas.

As análises fixéronse co paquete estatístico SPSS (IBM, versión 23.0.0.0) cun $p < 0.05$ en todas as comparacións.

4. RESULTADOS

4.1. Características da mostra

Este estudo foi realizado cun total de 79 alumnos e alumnas dos tres primeiros niveis de Educación Primaria: 13 nenos e 12 nenas de primeiro, 10 nenos e 15 nenas de segundo, e 19 nenos e 10 nenas do terceiro curso.

Tendo en conta as súas datas de nacemento e os días concretos nos que se lles realizaron as diferentes probas, rexistrouse unha idade media de $7,7 \pm 0,9$ anos (Táboa 3).

Táboa 3. Idade dos e das participantes segregada por nivel educativo.

Curso	Participantes		Media de idade (en anos)
	Nenos	Nenas	
1º EP	13	12	$6,7 \pm 0,3$
2º EP	10	15	$7,6 \pm 0,3$
3º EP	19	10	$8,7 \pm 0,5$
TOTAL	42	37	$7,7 \pm 0,9$

EP: Educación Primaria

4.2. Habilidades locomotrices

Unha vez avaliadas as distintas HMB locomotrices, obtívérонse os resultados individuais dos 79 participantes nas diferentes probas, sendo estes moi variados. Na Táboa 4 pódese observar a media das puntuacións obtidas polo alumnado de cada curso en cada unha das dez habilidades. Como se pode apreciar, a nivel xeral, as habilidades de carreira e desprazamento lateral foron nas que mellores resultados tiveron, así como cambio de dirección onde peor. Atopáronse diferenzas significativas entre cursos nas habilidades de trepar, salto vertical, cambio de dirección e na puntuación global das dez habilidades ($p < 0.05$ en todos os casos).

Táboa 4. Media das puntuacións obtidas en cada habilidade locomotriz.

CURSO	1º EP	2º EP	3º EP
Carreira	$7,0 \pm 1,2$	$7,2 \pm 0,9$	$7,1 \pm 1,0$
Galope	$4,5 \pm 2,6$	$5,7 \pm 2,0$	$5,3 \pm 2,5$
Salto cun pé	$6,1 \pm 2,6$	$6,8 \pm 1,4$	$6,4 \pm 1,7$
Zancada	$3,2 \pm 1,4$	$3,9 \pm 0,8$	$3,8 \pm 0,9$
Salto horizontal	$4,6 \pm 2,2$	$5,7 \pm 1,6$	$5,5 \pm 1,8$
Salto vertical*	$5,5 \pm 2,0$	$6,3 \pm 2,2$	$7,6 \pm 1,7$
Desprazamento lateral	$6,9 \pm 1,8$	$7,5 \pm 0,6$	$7,6 \pm 0,9$
Skip	$3,7 \pm 2,0$	$3,7 \pm 1,7$	$3,0 \pm 1,9$
Trepar*	$3,6 \pm 2,6$	$4,3 \pm 2,8$	$6,5 \pm 2,1$
Cambio de dirección*	$1,2 \pm 2,1$	$1,4 \pm 2,3$	$2,1 \pm 1,6$

*Diferenzas entre 1º EP e 3º EP (U de Mann-Whitney)

Na Figura 1 reflíctese a media das puntuacións totais obtidas polos nenos e nenas de cada curso, tanto diferenciadas por sexo como globais. Nela pódese percibir un ligeiro aumento do nivel de desenvolvemento das HMB locomotrices coa idade, con diferenzas significativas entre 1º EP e 3º EP ($p < 0.001$).




Figura 1. Media das puntuacións totais obtidas nas habilidades locomotrices, globais e desagregadas por sexo.

4.3. Variables antropométricas

Xa realizadas as medicións antropométricas correspondentes de cada alumno ou alumna, puido calcularse a media aritmética de todas elas. Na Táboa 5 amósanse os pesos e tallas, diferenciados por curso e sexo, dos e das participantes, así como o IMC xa calculado a partir destes datos. Como se pode apreciar, este último é bastante semellante en ambos os sexos e en calquera dos tres cursos, atopando soamente diferenzas nas variables de peso e altura entre os distintos cursos ($p < 0.05$ en todos os casos).

Táboa 5. Variables antropométricas da mostra.

Curso	Sexo	Peso (kg)*	Altura (m)*	IMC
1º EP	Nenos	$25,0 \pm 3,6$	$1,2 \pm 0,1$	$17,1 \pm 2,0$
	Nenas	$21,4 \pm 3,2$	$1,2 \pm 0,0$	$16,2 \pm 1,7$
2º EP	Nenos	$24,8 \pm 2,5$	$1,2 \pm 0,1$	$16,2 \pm 1,5$
	Nenas	$27,6 \pm 4,6$	$1,3 \pm 0,1$	$17,2 \pm 2,3$
3º EP	Nenos	$29,6 \pm 4,6$	$1,3 \pm 0,1$	$17,8 \pm 2,2$
	Nenas	$31,6 \pm 6,0$	$1,3 \pm 0,1$	$18,4 \pm 2,0$

*Diferenzas significativas en todas as comparacións (ANOVA dun factor).

Unha vez obtidos os IMC de cada participante e tendo tamén en conta a súa idade e sexo, empregáronse os patróns de referencia da OMS (2007). Deste xeito, púidose

diferenciar cantos nenos e nenas tiñan normopeso, cantos sobre peso e finalmente, tamén descubrir cantos padecían obesidade. Nas Figuras 2 e 3 amósanse os datos pertencentes aos nenos e nenas da mostra, respectivamente, separados por cursos.




Figura 2. Nenos con normopeso, sobre peso e obesidade por curso.




Figura 3. Nenas con normopeso, sobre peso e obesidade por curso.

En último lugar, na Figura 4 móstranse os datos obtidos de todos os alumnos e alumnas cos que se levou a cabo o estudo, sen distinción de sexo nin curso.




Figura 4. Porcentaxe de alumnado con normopeso, sobre peso e obesidade.

4.4. Relación entre habilidades locomotrices e variables antropométricas

Na Táboa 6 amósanse as puntuacións relativas a cada unha das habilidades avaliadas en relación co curso e categoría en base ao IMC. Non se atoparon diferenzas significativas entre os diferentes grupos.

Táboa 6. Puntuacións de cada habilidade en relación co curso e categoría en base ao IMC.

HABILIDADES	1º EP			2º EP			3º EP		
	Normopeso	Sobre peso	Obesidade	Normopeso	Sobre peso	Obesidade	Normopeso	Sobre peso	Obesidade
Carreira	7,2 ± 1,0	6,8 ± 1,6	6,5 ± 1,3	7,4 ± 0,9	7,0 ± 1,0	6,8 ± 0,5	7,3 ± 0,9	7,0 ± 1,1	6,6 ± 0,9
Galope	4,3 ± 2,6	6,2 ± 0,4	3,5 ± 3,5	5,5 ± 2,2	7,3 ± 1,2	5,3 ± 1,5	5,9 ± 1,8	4,0 ± 3,4	5,6 ± 2,2
Salto cun pé	6,5 ± 2,0	4,8 ± 4,0	6,0 ± 2,8	7,0 ± 1,4	6,7 ± 1,2	6,0 ± 1,6	6,1 ± 2,0	6,9 ± 1,0	7,0 ± 1,4
Zancada	3,5 ± 1,5	3,0 ± 1,2	2,0 ± 0,8	3,8 ± 0,7	4,7 ± 1,2	3,8 ± 0,5	3,9 ± 1,0	3,6 ± 0,7	4,0 ± 1,2
Salto horizontal	4,8 ± 2,3	4,0 ± 1,9	4,5 ± 2,6	5,9 ± 1,5	5,7 ± 1,5	4,8 ± 2,6	5,4 ± 2,0	5,5 ± 1,7	6,0 ± 1,4
Salto vertical	5,0 ± 2,0	6,2 ± 2,2	6,5 ± 1,0	6,1 ± 2,3	7,3 ± 1,5	6,3 ± 2,1	7,9 ± 1,6	8,1 ± 1,1	6,2 ± 2,3
Desprazamento lateral	7,0 ± 1,6	6,0 ± 2,4	7,3 ± 1,5	7,7 ± 0,5	7,0 ± 1,0	7,0 ± 0,8	7,4 ± 1,1	7,8 ± 0,7	8,0 ± 0,0
Skip	3,9 ± 1,6	4,0 ± 2,5	2,3 ± 2,6	3,8 ± 1,7	4,0 ± 1,0	3,3 ± 2,2	3,1 ± 2,0	2,5 ± 1,8	3,4 ± 1,9
Trepar	3,5 ± 2,7	2,4 ± 2,9	5,25 ± 1,3	4,5 ± 3,0	4,3 ± 4,0	3,3 ± 1,0	6,2 ± 2,6	6,3 ± 1,3	7,6 ± 0,5
Cambio de dirección	1,3 ± 2,3	1,4 ± 1,9	0,5 ± 1,0	1,6 ± 2,6	1,3 ± 2,3	0,8 ± 1,0	2,4 ± 1,8	1,8 ± 1,2	1,8 ± 1,9
PUNT. TOTAIS	46,9 ± 10,6	44,8 ± 11,1	44,3 ± 10,9	53,3 ± 8,5	55,3 ± 11,1	47,0 ± 5,0	55,5 ± 12,5	53,4 ± 4,3	56,2 ± 7,9

Punt.:Puntuacións

Ademais, fíxose unha análise de correlación lineal entre as diferentes variables antropométricas (altura, peso e IMC) e as diferentes habilidades, sen atopar de novo correlacións estatisticamente significativas.

5. DISCUSIÓN

Este estudo foi deseñado co obxectivo de examinar a relación entre o desenvolvemento das HMB locomotrices dos e das participantes avaliadas a través da combinación de diversas baterías (TGMD-2, TGMD-3, Victorian FMD Assessment e Get Skilled Get Active), e as súas variables antropométricas.

Unha vez realizadas as diferentes evaluacións, non se atoparon relacións significativas entre as variables estudiadas. Isto non concorda cos resultados acadados por outros investigadores e investigadoras, que amosaron unha correlación importante e inversa entre o nivel de desenvolvemento das HMB e o IMC dos e das participantes (Cattuzzo et al., 2016; Cliff et al., 2012; Jones, Okely, Caputi e Cliff, 2010; Musalek et al., 2017; Okely, Booth e Chey, 2004). Cliff, Okely e Magarey (2011) emplegaron a batería TGMD-2 para valorar en tempo real a competencia das habilidades locomotrices de 132 nenos e nenas con sobrepeso e obesidade de 6 a 10 anos de idade, atopando uns niveis baixos de desenvolvemento en comparación coa mostra de alumnos e alumnas en situación de normopeso ($n=1208$). O mesmo se mostrou noutros estudos realizados por Shams e Vameghi (2018) e Vameghi, Shams e Dehkordi (2013), nos que participaron 600 nenos e nenas de 7-10 anos e 400 de 4-6 anos respectivamente, onde aqueles nenos e nenas con sobrepeso ou obesidade obtiñan uns resultados inferiores na competencia motora.

En todas estas investigacións semella parecer evidente que tanto máis alto é o IMC dos nenos e nenas menor é a competencia motriz. No noso estudo son varios os motivos aos que se pode deber o feito de non obter uns resultados similares. En primeiro lugar, a mostra dos nenos e nenas total analizada non foi moi elevada, o que supuxo unha baixa porcentaxe de participantes con obesidade, especialmente se o comparamos con outros estudos realizados (Lopes et al., 2012; Padez, Fernandes, Mourão, Moreira e Rosado, 2004).

Ademais, outra razón á que se poido deber esta diferenza nos resultados acadados no presente estudo fronte aos doutros investigadores e investigadoras é o centro escolar. Os 79 nenos e nenas que participaron neste estudo pertencían ao mesmo colexió, o que puido influír no similar desenvolvemento das súas HMB. De feito, noutra investigación semellante na que tamén se avaliou a relación entre as variables antropométricas (para determinar o IMC) e a competencia motriz, pero realizada con 287 nenos e nenas

españoles pertenecentes a tres centros educativos diferentes, si se atopou interrelación entre ambos os factores (Vega, 2015).

Por outro lado, é importante sinalar que neste estudo, salvo en tres das habilidades locomotrices avaliadas (trepar, salto vertical e cambio de dirección), non se encontraron grandes diferenzas entre cursos, o que pode deberse a que os nenos e nenas que participaron se atopaban en etapas de desenvolvemento moi variadas. Noutros estudos similares levados a cabo con alumnado de 7-10 anos de idade (Ayán et al., 2019), 3-10 anos (Farrokhi et al., 2014), 6-12 anos (Houwen et al., 2014) e 7-9 anos (García-Jaén, Sellés-Pérez, Cortell-Tormo, Férriz-Valero e Cejuela, 2018) tampouco se atoparon asociacións significativas entre o desenvolvemento das HMB e a idade. Isto indica que a competencia motora non só é froito do desenvolvemento natural, senón que tamén forma parte da aprendizaxe dende idades temperás. Son múltiples as investigacións que determinaron que as intervencións no desenvolvemento das HMB producen melloras no desenvolvemento motor (Braga, Krebs, Valentini e Tkac, 2009; Brauner e Valentini, 2009; Van Capelle et al., 2017).

6. CONCLUSIÓN E IMPLICACIÓNS

En primeiro lugar, atopáronse diferenzas significativas entre cursos nas habilidades de trepar, salto vertical e cambio de dirección, así como tamén se puido percibir un lixeiro aumento do nivel de desenvolvemento a nivel xeral coa idade, existindo diferenzas significativas entre 1º e 3º de Educación Primaria. Por outro lado, o IMC dos e das participantes é similar nos tres cursos, podendo tan só atopar diferenzas nas variables de peso e altura entre os distintos cursos.

Finalmente, en canto á resposta ao obxectivo principal deste estudo sobre a posible relación entre o nivel de competencia motriz do alumnado e as variables antropométricas, non se puideron atopar resultados significativos. Apenas existen diferenzas entre o desenvolvemento das habilidades locomotrices dos nenos e nenas con normopeso e o de aqueles e aquelas con sobrepeso ou obesidade.

Malia non atopar diferenzas significativas, é de especial relevancia seguir investigando no tema, así como nos motivos desta falta de relación. Ademais, é esencial afondar no estudo deste grupo de poboación en concreto, unha etapa crucial no

desenvolvimento de toda persoa. Este estudo amosa a importancia de traballar e avaliar a competencia motriz nos centros de Educación Primaria polo seu impacto na práctica de actividade física e, en definitiva, na saúde do alumnado.

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (29 de abril de 2021). *Estrategia para la Nutrición, Actividad Física y Prevención de la Obesidad*. Recuperado de https://www.aesan.gob.es/AECOSAN/web/nutricion/seccion/_estrategia_naos.htm
